



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2020.

Alcalde-Presidente:

IGNACIO CODESIDO BARREIRO

Concelleiros:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
MARÍA JOSEFA CODESIDO BARREIRO
ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO
GEMMA VERÓNICA LÓPEZ DE FUENTES
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
JESÚS MARTÍNEZ PEREIRA
MANUEL PUGA GARCÍA
DARÍO REY SUÁREZ
ALFREDO SOUTO CASTELO

Secretario:

JOSÉ ANTONIO GÓMEZ PEDREIRA

Na Casa do Concello de Touro (A Coruña), sendo as catorce horas do día trinta de decembro de dous mil vinte, reuníronse os membros do Pleno do Concello arriba relacionados, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria para a que foran previamente convocados.

Reunindo os asistentes o quórum necesario para a válida celebración das sesións, polo señor Alcalde abriuse a sesión cos seguintes puntos na orde do día:

I.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN DE 25 DE SETEMBRO DE 2020.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao faise referencia a que na páxina 28 da acta, na súa intervención, onde di: “que tempos atrás foron consensuados na revista municipal”, debe dicir: “que tempo atrás foron censurados na revista municipal”.

Coa modificación exposta, o Pleno, por unanimidade, acorda darlle a súa aprobación a acta de 28 de setembro de 2020.

II.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Téñense remitido ós señores concelleiros as relacións de resolucións da Alcaldía pendentes e as ditadas desde a última sesión ordinaria, dándose conta das mesmas ós efectos correspondentes.

III.- SOLICITUDES BONIFICACIÓN IBI EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS.

Dáse conta do informe da Comisión de obras, servizos e urbanismo, na que se teñen informado as solicitudes relativas á bonificación do Imposto sobre bens inmoables (IBI) de acordo co establecido no artigo 4 da ordenanza reguladora do imposto.

Ponse de manifesto que a solicitude correspondente a D^a María del Carmen Tojo Vaamonde quedará vinculada a efectiva presentación da documentación pendente de unir ó expediente.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que para a declaración de interese municipal é precisa a aclaración por parte dun solicitante, D. Alfredo Souto Castelo, posto que na súa declaración de intereses non consta actividade agraria algunha tal e como se ten reflectido no portal de transparencia, ten declarado que é xubilado sen actividade algunha, e non consta que sexa titular dunha explotación agrícola, na declaración publicada, declaracións que nunca se fixeron públicas en 30 anos, publicándose agora desde hai uns meses unha vez que o requiriu a Valedora do Pobo e recomendou publicar os bens e intereses dos concelleiros.

A cuestión ten interese -segue a dicir o señor concelleiro D. Roberto Castro- posto que fai poucos meses o señor Alfredo Souto tivo unha dedicación como Alcalde substituto, e declarou que non tiña ningún tipo de actividade, e é polo que se están a pedir estas explicacións.

O señor concelleiro D. Alfredo Souto manifesta que trata de confundir, pero que el aportou o que tiña que aportar, o papeleo que se lle pediu, especificando que non ten inconveniente en renunciar a este asunto.

O señor Alcalde manifesta que a cuestión é se ten dereito ou non á bonificación.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que se trata simplemente de dar explicacións porque é público que non exerce actividade algunha, e fai un ano non se coñecía e era a súa situación porque non estaban publicados os rexistros de intereses ata fai uns meses no 2020, o seu grupo non coñecía a situación polo que non saben se está mentindo no documento de declaración de intereses ou miente agora.

O señor Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, manifesta que se trata de saber se ten dereito ou non e que neste asunto ten que crer no que tramitan os funcionarios.

O señor Alfredo Souto manifesta que lle parecen poucos argumentos estes que manifestan de carácter persoal sen outros argumentos de carácter político.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non sabe se miente agora, en setembro do 2020 ou mentiu o 12 de xuño de 2019 cando declarou que non tiña actividade económica algunha, é dicir non tiña explotación agraria algunha.

Así mesmo, manifesta que existe unha incongruencia entre a solicitude e o rexistro de bens, polo que é preciso iniciar expediente para requirir aclaración da situación para posibles causas de incompatibilidade.

O señor Alfredo Souto manifesta que fai as súas contas con Facenda, tendo que pagar se supera unhas determinadas cantidades.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que pola súa parte está trasladando o que poñen os documentos, non sabendo cando está a mentir, solicitando votación por separado á proposta.

O señor Alcalde manifesta que non acepta a votación da proposta por separado, especificando que se está ben sométese a votación.

Polo señor concelleiro D. Alfredo Souto Castelo declárase a súa abstención no referente a súa solicitude no presente acordo. Polo señor concelleiro D. Roberto Castro Rocamonde en representación do Grupo Marea Veciñal de Touro, en atención á problemática suscitada pola solicitude do concelleiro D. Alfredo Souto Castelo, anúnciase a abstención do seu grupo.

Primeiro.- O Pleno, por sete votos a favor (5 PP, 1 BNG, 1 PSG-PSOE) e catro abstencións (D. Alfredo Souto Castelo e o Grupo Marea Veciñal de Touro), acorda declarar as explotacións agrarias que a continuación se relacionan como de especial interese e utilidade municipal e ás que son de aplicación as porcentaxes de bonificación do IBI que igualmente se relacionan, por concorrer circunstancias sociais, culturais e de fomento do emprego:

SOLICITANTE E TITULAR DA ACTIVIDADE	DNI/CIF	REFERENCIA CATASTRAL	BONIFICACIÓN
Alfredo Souto Castelo	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	95%
Antonio González Millán	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	50%
Manuel Ferro Martínez	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	95%
Manuel Ferro Martínez	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	50%
José Souto Carlín	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	95%
Manuel Mera López	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	50%
M ^a . del Carmen Tojo Vaamonde	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	50%

Segundo.- En relación coa solicitude de D^a. María del Carmen Tojo Vaamonde autorizar ao señor Alcalde, para a completa tramitación da solicitude, aos efectos de plena efectividade do presente acordo, por estar pendente de incorporación ao expediente, do Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.

Terceiro.- A declaración de especial interese e utilidade municipal terá efectos dende o exercicio 2021 e manterá a súa declaración mentres que concorran as circunstancias que motivaron a mesma, debendo os suxeitos pasivos, poñer en coñecemento do concello, calquera modificación das condicións ou requisitos que motivaron a declaración de especial interese e utilidade municipal.

O señor concelleiro D. Roberto Castro, en explicación de voto, manifesta que debería votarse por separado dado que existindo contradición na solicitude de D. Alfredo Souto non pode lexitimar nin blanquear a súa situación.

IV. CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO.

Dáse conta do acordo de data 16 de novembro de 2020 da Mesa Xeral de Negociación na que se aproba o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Touro, e do Convenio asinado pola representación municipal e polos representantes sindicais de Comisións Obreiras e o delegado sindical dos traballadores do Concello de Touro.

Así mesmo, dáse conta do ditame favorable da Comisión de Facenda.

Polo señor D. Roberto Castro, en representación do grupo municipal de Marea Veciñal de Touro, preséntase unha emenda por escrito ó convenio, relativa á modificación do artigo 48.1.e), relativo á xubilación forzosa.

Polo señor Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, maniféstase que se trata dun acordo entre partes e non sabe ata que punto se podería modificar o acordado entre elas, e se o Pleno estaría eticamente lexitimado para modificar o convenio, anunciando que se absterán nesta emenda, e aínda que podería estar de acordo, non lle parece habilitado para modificar un acordo negociado entre as partes.

O señor concelleiro D. Roberto Castro solicita o seu turno para expoñer a posición do seu grupo, manifestando que Marea Veciñal de Touro síntese orgullosa de que o persoal traballe ás 8 da mañá, tal como e como xa ten promovido o seu grupo, especificando que o convenio xa foi debatido pola patronal e sindicatos e non se vai opoñer, pero que entende que en relación á xubilación forzosa debe ser no seu tempo salvo casos excepcionais, porque a necesidade de fomentar o emprego debe permitir que o concello non acepte unha situación contraria, polo que textualmente propoñen a emenda de supresión nos seguintes termos:

“Emenda de suspensión: suprimir o contido do Artigo 48.1a) Xubilación forzosa, polo seguinte:

Coa finalidade do fomento do emprego, as traballadoras/es do Concello que acaden a idade de xubilación só poderán ampliar a súa vida laboral unicamente nos casos en que por non acadar o período suficiente de cotización, vexan prexudicada a súa retribución de xubilación. Nese caso, a

decisión sobre as posibles prórrogas será aprobada polo órgano competente na materia e xustificada por necesidades do servizo.”

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que a proposta de emenda é o máis razoable e que lles consta que é unha proposta defendida polos sindicatos, solicitando que debería explicarse a decisión de cambiar esa proposta.

O señor Alcalde manifesta que non se lle deben dar tantas voltas, porque todos pasaron este tema para adiante.

O señor D. Roberto Castro manifesta que tamén o documento utiliza unha linguaxe sexista.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo municipal do PSG-PSOE, maniféstase que o seu grupo está na liña expresada polo grupo do BNG, e que os sindicatos puideron ter aprobado a emenda que se está deliberando, e que se todos están de acordo co convenio, este non prexudica os intereses dos traballadores, especificando que non deben modificar algo que eles aprobaron, posto que non poden nai pais deles, anunciando a abstención do seu grupo porque se trata dun convenio dos traballadores que eles xa teñen asinado.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que partindo do principio que se trata de establecer, este órgano político (o Pleno), non ten sentido, posto que se realmente ten decisión política todo debe poder ser valorable, posto que poden chegarse a fixar soldos desproporcionados.

A señora concelleira D^a Gemma V. López manifesta que existe a xerarquía de lei.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que a xerarquía de lei ten que respectar os intereses dos veciños e a proposta do seu grupo ten sentido posto que trata de defender os intereses de todos os veciños.

Sometida a votación a emenda do grupo Marea Veciñal de Touro, o Pleno, por tres votos a favor (grupo Marea Veciñal de Touro), seis en contra (grupo PP) e dúas abstencións (BNG e PSG-PSOE), rexeita a mesma.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, manifesta que o seu grupo votará favorablemente o convenio por existir un acordo entre os traballadores e os sindicatos, especificando que se trata dun acordo que é mellorable, parecéndolle un convenio colectivo razoable en canto que é mellorable, aínda que poñería en cuestión a retribución complementaria relativa ó complemento de produtividade, pero que é un punto máis do convenio e non van a botar abaixo o convenio onde se recolle un fondo social e para plans de formación.

A señora concelleira D^a Gemma V. López anuncia o voto favorable do seu grupo, poñendo de manifesto que debería haber unha comisión paritaria con representación de calquera membro da Corporación para controlar o cumprimento do convenio.

Vistos os antecedentes o Pleno por 8 votos a favor (6 PP, 1 BNG, 1 PSdG-PSOE) e 3 en contra (Marea Veciñal de Touro), acorda:

Primeiro.- Aprobar o Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Touro nos termos en que ten sido asinado pola representación municipal do Concello e os representantes sindicais.

Segundo.- Remitir o expediente aos órganos correspondentes da Xunta de Galicia para a tramitación, rexistro e publicación do Convenio Colectivo do Concello de Touro.

V. ACORDO REGULADOR PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO.

Dáse conta do acordo de data 16 de novembro de 2020 da Mesa Xeral de Negociación na que se aproba o Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello de Touro, e do Acordo Regulador asinado pola representación municipal e polos representantes sindicais de UXT e a delegada sindical dos funcionarios do Concello de Touro.

Así mesmo, dáse conta do ditame favorable da Comisión de Facenda.

Polo señor D. Roberto Castro, en representación do grupo municipal de Marea Veciñal de Touro, preséntase unha emenda por escrito ó acordo, relativa á modificación do artigo 48.1.e), relativo á xubilación forzosa nos seguintes termos:

“Emenda de suspensión: suprimir o contido do Artigo 48.1a) Xubilación forzosa, polo seguinte:

Coa finalidade do fomento do emprego, as traballadoras/es do Concello que acaden a idade de xubilación só poderán ampliar a súa vida laboral unicamente nos casos en que por non acadar o período suficiente de cotización, vexan prexudicada a súa retribución de xubilación. Nese caso, a decisión sobre as posibles prórrogas será aprobada polo órgano competente na materia e xustificada por necesidades do servizo.”

Sometida a votación a emenda do grupo Marea Veciñal de Touro, o Pleno, por tres votos a favor (grupo Marea Veciñal de Touro), seis en contra (grupo PP) e dúas abstencións (BNG e PSG-PSOE), rexeita a mesma.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, reitera a posición do seu grupo referida ó convenio colectivo.

Igualmente a señora concelleira D^a Gemma V. López anuncia o voto favorable do seu grupo.

Vistos os antecedentes o Pleno por 8 votos a favor (6 PP, 1 BNG, 1 PSdG-PSOE) e 3 en contra (Marea Veciñal de Touro), acorda:

Primeiro.- Aprobar o Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello de Touro nos termos en que ten sido asinado pola representación municipal do Concello e os representantes sindicais.

Segundo.- Remitir o expediente aos órganos correspondentes da Xunta de Galicia para a tramitación, rexistro e publicación do Acordo Regulador dos funcionarios do Concello de Touro.

VI.- RATIFICACIÓN ADHESIÓN CONVENIO TRAMITACIÓN PROCEDIMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE COVID-19 COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 9 de decembro de 2020, polo que se acorda a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19, e o informe favorable da Comisión de Facenda sobre o asunto.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que o seu grupo está en contra do convenio e do posicionamento da FEGAMP porque non defende os intereses do Concello, a defensa que fai a FEGAMP do Concello neste tema é nada, posto que se trata, ademais de validar e aceptar estas competencias sen máis, é que ademais non existe un imperativo legal neste tema e que aceptar o traspaso de competencias polas boas de ningunha maneira, anunciando o voto do seu grupo en contra.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, dise que xa se puxo de manifesto na Comisión de Facenda que se trata de asinar o que xa foi asinado, polo que estase de mans atadas, ratificando o que xa se ratificara na Xunta de Goberno, polo que non hai nada que facer; e en relación convenio en si trátase dunha venda de favores dunha Consellería de Sanidade que non tramita, un asunto sen pes nin cabeza, promovendo a FEGAMP un favor envelenado para facilitar unha serie de trámites, é dicir, un carteo de papeleo sobrecargando ó Concello con trámites que non lle corresponden, non existindo outra posibilidade que ou o tomas ou o deixas, non existindo outra opción que aceptalo, non querendo (o seu grupo) máis prexuízos para o Concello.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, pregúntase quen fai a vixilancia neste tema.

O señor Alcalde contesta que a Garda Civil e os trámites o Concello, que quen firma é o Concello, e que oxalá non houbera ningunha multa, aínda que moitas refírense ó peche perimetral e que posiblemente nin se chegue a cobrar os cartos das multas.

A señora concelleira D^a Gemma V. López manifesta que se as multas económicas só as cobra a Xunta.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que o Concello cobraría unha parte e a outra cobraría a Xunta.

Sometido a votación a proposta de ratificación do acordo da Xunta de Goberno de data 9 de decembro de 2020, que textualmente di:

“3.b).- Examinada a documentación remitida pola Dirección Xeral de Administración Local (Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) relativa á adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19.

Vistos os antecedentes a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Primeiro.- Manifestar a vontade do Concello de Touro de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

Segundo.- Autorizar ao Alcalde para a execución do presente acordo.”

O Pleno, por seis votos a favor (grupo PP), tres en contra (grupo Marea Veciñal de Touro) e dúas abstencións (grupos BNG e PSG-PSOE), acorda ratificar a adhesión ó convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, acordada en Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2020.

VII.- MOCIÓNS DO GRUPO MAREA VECIÑAL DE TOURO.

7.a).- Proposta para a creación dun espazo de estudo e lectura:

Polo señor concelleiro D. José Luís Ramos, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta para a creación dun espazo de estudo e lectura que textualmente se transcribe:

“O concello de Touro carece dun espazo específico para que a veciñanza poida acudir a estudar ou ler.

Se xa de por si é un servizo necesario ó que a veciñanza de Touro non ten acceso, na actualidade, dadas as circunstancias provocadas pola COVID-19 e as medidas implementadas polas Administracións para facerlle fronte, tendo en especial consideración as restrición de mobilidade e os confinamentos perimetrais que afectan ás principais cidades, nas que se concentran as estudantes universitarias, e tendo en conta que tras as vacacións de nadal comeza a tempada de exames, considérase vital habilitar un espazo específico dentro do municipio para que a veciñanza poida acudir a el a estudar ou ler.

Polo exposto solicitamos o voto do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1. Habilitar un espazo específico para o estudo e a lectura nun edificio de titularidade municipal (casa da cultura, concello...) con carácter permanente.
2. O horario e os días de apertura deberanse adaptar ás necesidades da veciñanza (horario de tarde mínimo ata as 20:00, ampliación de horarios e días de apertura en época de exames...)“

O señor concelleiro d. José Luís Ramos, en exposición da proposta, manifesta que as circunstancias provocadas pola COVID 19 levan aparelados peches perimetrais o que implica a imposibilidade de desprazamentos entre concellos o que ten importancia cando se está a falar, por exemplo, de Centros Universitarios, polo que deben entenderse como prioritario a creación dun espazo de estudo e lectura para a veciñanza de Touro, especificando que o normal é que xa houbera

este servizo, pero non existindo é a causa de presentar a proposta, porque existen problemas para que poidan estudar os veciños e en particular os universitarios.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, maniféstase que o seu grupo está de acordo coa proposta.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que igualmente está conforme coa proposta de Marea Veciñal de Touro.

Polo señor alcalde maniféstase que está habilitado un lugar a eses efectos, especificando que pode ir calquera pola mañá, é que pola tarde hai o problema de que non se ten persoal, non podendo estar a favor neste momento.

Polo señor concelleiro D. Darío Rey pregúntase se o sitio do que fala o Alcalde é o mesmo sitio onde se fan as orellas do entroido, un lugar de cociña habilitado, é dicir, un espazo de usos múltiples, pero que a xente que estuda nunha biblioteca necesita unha calidade, un lugar habilitado, especificando que sempre se di que non hai persoal, pero que debe mirar o que hai en concellos de similar tamaño e ver o que fan, e que a concelleira habilite un espazo cuns horarios que permitan asistir ós que estudan pola mañá e pola tarde, pero xa se ve que non quere, que isto non vai con vostede.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro, relativa á creación dun espazo de estudo e lectura, o Pleno, por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP), rexeita a mesma.

7.b).- **Proposición para instar ó Concello do Pino a levar a cabo actuacións para a mellora do firme na estrada que une o Pedrouzo con Bama:**

Polo señor concelleiro D. José Luís Ramos Barreiro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta do seu grupo para instar ó concello do Pino a levar a cabo actuacións para a mellora do firme na estrada que une o Pedrouzo con Bama, e que textualmente di:

“O estado da estrada que une a parroquia de Bama coa localidade do Pedrouzo, no concello veciño de O Pino é lamentable, esencialmente unha vez que entra no dominio do Concello veciño, tramo no que abundan os baches e fendas no firme da mesma que fan nalgún punto imposible mesmo a circulación nunhas condicións normais obrigando a evitar esas dificultades mediante cambios na trazada ou arriscarse a algún incidente ou prexuízo na integridade do vehículo.

A estrada é de gran importancia para a veciñanza de Bama que daba a proximidade acode ó Pedrouzo ós recados e xa que constitúe a principal conexión da parroquia coas estradas que van a Santiago de Compostela,

Consideramos, polo tanto, que o Concello de O Pino, ó que pertence o tramo máis deteriorado desa estrada, debe realizar actuacións para que se mellore o mesmo, Polo que solicitamos o acordo do Pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1. Que o Concello de Touro dea traslado as Concello de O Pino, instándoo para que se mellore a conexión viaria entre dous Concellos, na estrada entre O Pedrouzo (Rúa Codesal) e Bama.”

Polo señor concelleiro D. José Luís Ramos maniféstase que nesa estrada que conecta co Concello do Pino, o estado no Concello do Pino é lamentable o que impide unha circulación normal, o que pode supoñer un prexuízo para a integridade dos vehículos, sendo de gran importancia para a veciñanza de Bama que vai a facer xestións a Santiago de Compostela, por iso en defensa da veciñanza e interese dos mesmos solicítase que o Concello de Touro traslade ó Concello do Pino para que mellore a conexión viaria entre os dous concellos na estrada entre O Pedrouzo e Bama conforme á proposta que se presenta.

O señor Alcalde manifesta que esa obra xa está incluída no Plan complementario do ano 2020, segundo lle comunicou o Alcalde do Pino, polo que xa está prevista.

Polo señor Xoán A. Louzao, en nome do grupo do BNG, maniféstase que propón unha emenda para incluír o arranxo da ponte do río que é limítrofe co Concello de Touro, polo que sería preciso

conveniar co Concello do Pino para arranxar a ponte, posto que é moi estreita e perigosa, especificando que estaría de acordo coa moción se se inclúe un convenio para o arranxo da ponte.

D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, maniféstase que o seu grupo votará a favor da proposta.

Polo señor Alcalde maniféstase que o arranxo da ponte xa o ten metido e non aceptarán cambios na proposta, salvo que se refira só ó arranxo.

Polo señor D. Xoán A. Louzao maniféstase que a súa emenda refírese a que se conveniará co Concello do Pino para que se arranxe a ponte que divide os concellos.

O señor Alcalde manifesta que o arranxo da estrada xa está metido, e se non se pode facer outra cousa que se vote tal cal está.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que o señor Secretario debe de informar como se tramitan as emendas.

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao maniféstase que se retira a emenda.

Debatido o asunto e sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de touro sobre instar ó concello do Pino a levar a cabo actuacións para a mellora do firme na estrada que une o Pedrouzo con Bama, o Pleno, por cinco votos a favor (tres do grupo Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP) rexeita a proposta.

7.c).- Proposta para garantir a titularidade pública da escola de Cornado:

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta do seu grupo para garantir a titularidade pública da escola de Cornado, que textualmente di:

“Segundo as testemuñas da veciñanza de Cornado, a casa da escola da parroquia (entidades xeográfica e civil) foi levantada polos propios veciños nunha parcela doada po Ángeles Esteban Pérez (de Dioño). A veciñanza non ten constancia de que a edificación fora cedida a ningunha administración, nin mentres foi destinada ó ensino nin despois de deixar ese uso.

Así mesmo, unha vez se deixou de facer escola na mesma, esta edificación continuou en uso da veciñanza de xeito libre, público e pacífico.

Con todo, a veciñanza non ten constancia da existencia de título de propiedade da edificación nin en favor da comunidade veciñal nin da Administración local.

É polo dito anteriormente polo que solicitamos o voto favorable do Pleno á RESOLUCION:

1. Instar ao Concello de Touro a que inicie os trámites para dotas de título á Escola de Cornada ca fin de garantir a titularidade público da mesma, e tamén poder acreditar a propiedade ca fin de acometer investimentos públicos na mesma.”

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro relátanse os antecedentes da parcela que foi doada fai 60 anos por unha veciña de Dioño.

Polo que se insta ó Concello a que inicie os trámites para dotar de título a edificación para poder acometer investimentos públicos.

O señor Alcalde manifesta que a parcela está a nome do concello e está inventariada e a construción está sobre o terreo, e que se está consultando o Rexistro, especificando que hai un problema cun rectángulo que non é masa común.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que estamos no mesmo caso que en Prevedións, especificando que debería saber que a edificación non consta a nome do Concello, e que non pode levar tanto tempo pedir unha certificación rexistral, poñendo de manifesto que o que está a e dicir e que non vai facer nada.

O señor Alcalde manifesta que o problema é distinto e estanse seguindo as pautas.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que é preciso facer máis posto que o Concello debe velar polos bens públicos, como xa se lle reiterou no mes de setembro.

O señor Alcalde manifesta que xa se lle ten dito o que hai que facer.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que non se trata da finca senón da edificación e parece que non o quere entender, o que se pretende é que o Concello teña a titularidade pública da escola.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, manifesta que entende que a finca está a nome do Concello, preguntando se hai constancia de se está rexistrada a nome de alguén.

O señor Alcalde manifesta que a finca está a nome do Concello.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que ten que ser o Concello porque a parroquia non ten personalidade xurídica.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que fai un ano pediuse unha subvención á Xunta pero non se conseguiu polo problema da titularidade, e tívose que meter no local do campo da festa, que certamente ten perigo de derrumbe, e por un problema de titularidade 18.000 euros tiveron que investirse no campo da festa.

O señor Alcalde pregunta como demostraron a titularidade do campo da festa.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que está a nome da asociación.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro, o Pleno, por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP) rexeita a proposta.

7.d).- Proposta para que se retire a “entrevista persoal” nos procesos de selección dos obradoiros de emprego e demais contratacións:

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta que textualmente di:

“Estamos a ver como nos procedementos de selección de alumnado-traballador dos Obradoiros de Emprego se realiza unha “entrevista persoal” (non pública) e sobre a que tampouco consta rexistro (proba) da mesma.

Resulta que a “entrevista persoal” é determinante na selección; e o seu carácter opaco ao control público pon en entredito o respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade constitucionalmente garantidos.

Calquera proceso selectivo debe ter en conta a estrita aplicación destes principios e deben pasar o filtro destes principios rexeitando aqueles preceptos que supoñan un risco de afectar aos mesmos. O procedemento de selección destes obradoiros está privando de xeito impune ao acceso aos mesmos a outras persoas e incumprindo mediante este sistema os principios constitucionais mentados de igualdade, mérito e capacidade.

A “entrevista persoal” é un método de valoración/baremación de escasa obxectividade, e polo tanto contrario aos anteditos principios.

As Administracións e neste caso o Concello de Touro, están obrigados a promover o exercicio real e efectivo destes principios (estes non son para quedar só no papel).

A opacidade da fase de “entrevista persoal” sitúa na absoluta indefensión aos aspirantes en canto que quedan privados de medio de proba para poder acreditar as reclamacións á valoración.

Este mesmo mecanismo de selección dos Obradoiros de Emprego é aplicado de xeito sistemático nos demais procedementos de selección de traballadoras polo Concello de Touro (distintos Plans de Emprego subvencionados por distintas administracións...)

Solicitamos o Acordo do Pleno para:

1. Instar ao Concello de Touro que retire dos procesos de selección de alumnos-traballadores ou traballadores a “entrevista persoal” puntuable.”

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro maniféstase que o Concello nos procesos de selección inclúe a entrevista persoal que sen publicidade e da que non consta rexistro ningún e o mesmo tempo é determinante nos procesos de selección, o seu carácter opaco ó control público pon en entredito os

principios de igualdade, mérito e capacidade, sendo o resultado que se priva de forma impune o acceso ó traballo a persoas mediante o incumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade, non sendo un método obxectivo, constatables -segue a manifestar o señor concelleiro D. Roberto Castro- que se ten traído ó Concello unha proposta para que as entrevistas foran gravadas cun informe xurídico relativo á salvedade que podería haber en relación a protección de datos, polo que se solicita transparencia e garantías para os traballadores e para eliminar as sospeitas do persoal compoñente dos tribunais, polo que se propón eliminar dos procesos de selección esas entrevistas.

O señor Roberto Castro -segue manifestando- que hai que eliminar esas ferramentas corruptas dos procesos de selección suprimindo de raíz a entrevista.

O señor Alcalde di que non debe empregar a palabra corrupción porque é un pouco forte, a entrevista é unha ferramenta máis de selección de persoal

O señor Roberto Castro pide que conste en acta que: “A entrevista persoal, vistos os procedementos que están tendo lugar neste Concello, está totalmente corrompida e utilízase de maneira corrupta”.

O señor Alcalde manifesta que o di un corrupto, dio o señor Roberto Castro, que se o manifesta así será porque o é el.

O señor Roberto Castro pide que conste en acta a definición que fixo o señor Alcalde del.

O señor concelleiro D. Xoán Louzao, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, manifesta que o seu grupo entende que non é tanto eliminar a entrevista senón que sexa transparente e clara con criterios obxectivos, especificando que presentaron unha moción na que se incorporaba un rexistro audiovisual e estaba amparado nun informe favorable sobre protección de datos, este rexistro audiovisual probaría que a entrevista cumpriría as condicións de legalidade, sendo esta postura máis coherente. Non sería tanto eliminar, senón que estea fundamentada e detallada como se vai facer, con criterios obxectivos, anunciando a abstención do seu grupo na proposta, que podería votarse a favor se existira unha reformulación da mesma, con rexistro audiovisual das entrevistas para garantía do opositor e do tribunal tal e como se formulou polo seu grupo no anterior mandato.

A señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, manifesta que a entrevista vense realizando en todos os concellos, parecéndolle máis importante que a mesma sexa o máis obxectiva posible.

Sometida a votación o proposta, o Pleno, por tres votos a favor (grupo Marea Veciñal de Touro), seis votos en contra (grupo PP) e dúas abstencións (grupos BNG e PSG-PSOE), rexeita a mesma.

7.e).- Proposta para a mellora da EDAR (Santaia) do Concello de Touro:

Polo señor concelleiro D. Darío Rey, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta para a mellora da EDAR (Santaia) do Concello de Touro, que se transcribe a continuación:

“Na sesión ordinaria do pleno de Setembro de 2019 o noso grupo veciñal puxo de manifesto o mal estado da estación de depuración de augas residuais situada na Santaia. Esta situación foi publicada no xornal La voz de Galicia desvelando un informe de Augas de Galicia no que situaba a esta depuradora como unha das máis deficientes da comunidade galega. Tamén son coñecidos polo goberno local os vertidos contaminantes e reiterados ó dominio público desta estación sen dar resposta algunha a esta situación,

Polo exposto solicitamos a aprobación por parte do Pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1. Dotar orzamentariamente para o exercicio 2021 as melloras necesarias para evitar vertidos contaminantes na EDAR-SANTANA e procurar financiamento complementario doutra administracións para estas actuacións.”

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que no Pleno de setembro do ano 2019 trasladóuselle ó señor Alcalde o estado da EDAR a través dun informe de augas de Galicia sobre o

mesmo, no que se establecía que era un dos de peor funcionamento da Comunidade, é dicir, unha cloaca, ano e medio despois segue a ser a cloaca de Touro.

O señor Darío Rey ensina unha foto das augas da depuradora manifestando que pode verse o punto de concentración de residuos, sendo que o concentrarse a contaminación ten unhas consecuencias graves, podendo observarse que sae todo tipo de residuos, pero vostede señor alcalde négase a facer nada pasando a ser cómplice deste atentado medioambiental, por unha deixadez que afecta tamén ó señor Manuel Puga García, delegado de medio ambiente.

O señor concelleiro D. Darío Rey -segue a manifestar- que ano e medio despois os membros do goberno non teñen argumentos, e pola súa culpa a depuradora de Touro é unha auténtica cloaca, e tamén puxeron un sinal dun investimento de 50.000 euros para canalizar o Portapego, que debería de investirse en saneamento, sendo outra demostración de incompetencia do señor Manuel Puga, propoñendo que no próximo orzamento se lle desconte do que cobra o señor concelleiro de medio ambiente.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, manifesta que o seu grupo está a favor da moción.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, maniféstase igualmente a favor da moción.

O señor Alcalde manifesta que o Concello de Touro está entre os concellos que presentan deficiencias, pero sendo soamente 3 de 14 os que cumpren cos parámetros, pero que segundo informe da inspección de 17 de novembro de 2020 na EDAR compróbase que non existen incidencias nos dispositivos, con caudal transparente, sen cheiros significativos, que foron retirados os restos que estaban presentes no rego Portapego e que as augas presentan un aspecto limpo.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro, sobre mellora da EDAR (Santaia) do Concello de Touro, o Pleno, por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP), rexeita a mencionada proposta.

7.f).- Proposta para a creación dun servizo de recollida de residuos voluminosos a domicilio no Concello de Touro:

Polo señor concelleiro D. Darío Rey, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da proposta para a creación dun servizo de recollida de residuos voluminosos a domicilio no Concello de Touro, que textualmente di:

“A lexislación atribúelle ós concellos competencias en materia de xestión de residuos tal e como se recolle nas seguintes referencias lexislativas:

Pola súa banda, as entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos establecidos no Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e demais normativas de aplicación.

Da cordo co que se acaba de sinalar, e tal e como se preceptúa no Artigo 12, punto 5 da mencionada Lei básica correspóndelles ós concellos como servizo obrigatorio a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan nas súas respectivas ordenanzas de conformidade co marco normativo aplicable.

Por todos é coñecido a precariedade dos servizos que oferta o Concello de Touro nesta materia, limitándose a acumular os residuos de todo tipo nunha nave que non está habilitada para tal fin, cos seguintes riscos asociados.

O concello carece dun servizo de recollida de residuos voluminosos, o que lle dificulta o seu tratamento á veciñanza. A finalidade desta proposta é outórgalle á veciñanza facilidades para a xestión de residuos.

Polo exposto, solicitamos o acordo do pleno á seguinte RESOLUCIÓN:

1. Que o Concello de Touro implemente con carácter inmediato un servizo mensual de recollida de residuos voluminosos a domicilio en todas as parroquias do concello.”

Polo señor concelleiro D. Darío Rey ponse de manifesto a problemática existente no Concello coa recollida de residuos voluminosos, onde se di que se recolle os xoves de 11 a 12 os residuos que se meten nunha nave con risco correspondente, sen que exista un punto limpo para a súa recollida.

Pode ser -segue a manifestar o señor concelleiro D. Darío Rey- que propoñan prenderlle lume ós colchóns como modelo de recollida, posto que se está vendo de que xeito se trata este tema cos demais residuos.

O señor Alcalde manifesta que o que compra debe levar os residuos e que a recollida do Concello é os xoves, as doce, recóllense na nave.

Sometida a votación a proposta do grupo Marea Veciñal de Touro sobre a creación dun servizo de recollida de residuos voluminosos a domicilio no Concello de Touro, o Pleno, por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP), rexeita a mencionada proposta.

VIII.- MOCIÓNS DO GRUPO DO BNG.

8.a).- Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao Rodríguez, portavoz do grupo municipal do BNG, presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte Moción en nome da asociación SOS Sanidade Pública, que textualmente di:

“A loita contra o coronavirus non debe ser á conta da saúde xeral.

A epidemia da COVID 19 xerou danos para a saúde da poboación, especialmente da máis vulnerable, como son as persoas con enfermidades debilitantes, agudas e crónicas e de maior idade.

Nas primeiras etapas da pandemia, as camas hospitalarias e as UCIS, víronse presionadas polo acumulo de afectados, mentres que os Centros de Saúde destinaron unha gran parte da súa actividade a atender a enfermidade, informar a poboación, rastrexar, seguir a novos casos ou realizar numerosas actividades burocráticas relacionadas coa pandemia. Os recortes de recursos dos últimos 11 anos e as precarias condicións de boa parte do persoal sanitario, traballando en precario, saturaron os Centros.

Co argumento de evitar o colapso dos hospitais, suspendéronse consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas.

Ao mesmo tempo, pecháronse centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituindo a consulta presencial pola telefónica (en moitos deles a única posibilidade de contactar ca poboación, con demoras de máis de 15 días) e reduciuse a aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

As Residencias de Maiores, concentraron a maior parte da mortalidade, dada as graves deficiencias das mesmas (denunciadas polo Consello de Contas) resultado da cesión pola Xunta, a fondos de investimento e multinacionais (que buscan o beneficio económico por encima da seguridade). Persoas internadas nas mesmas, non recibiron atención normalizada nos centros de saúde e hospitais.

Nun primeiro momento a poboación e os traballadores sanitarios, entenderon a situación e aceptaron o confinamento nos seus domicilios e as limitacións de acceso á asistencia, como algo necesario para acabar coa pandemia polo que as listas de espera creceron de maneira exponencial (o SERGAS mantenas ocultas para evitar que a poboación coñeza a gravidade da situación), mentres as persoas enfermas seguen descoñecendo as datas das súas citas de consultas, probas diagnósticas ou cirurxía.

As repercusións que esta falta de asistencia para morbilidad e mortalidade da poboación son imposibles de calcular por agora, pero en todo caso, serán importantes e cuestionan o dereito á protección da saúde da poboación. O incremento da mortalidade respecto a anos anteriores en Galicia e aínda difícil de coñecer (pola ausencia de información do SERGAS) pero estímase que un 40% é debida a enfermidades non relacionadas ca COVID.

Os concellos e outras administracións locais, a pesar de ser os representantes máis directos da poboación e contar con recursos para afrontar a pandemia foron ignorados polo goberno da Xunta, o mesmo que as organizacións sociais ou sanitarias. O SERGAS non proporciona información da incidencia de casos en cada localidade (utiliza unha escala de cores cuns rangos enormes que ocultan a situación real) impedindo así, coñecer os contaxios en cada municipio.

O malestar social e profesional e cada vez máis elevado, a imaxe do sistema sanitario público empeza a sufrir unha profunda deterioración, crece a utilización do sector privado polos sectores máis potentes, do mesmo xeito que medran os seguros sanitarios (a 15 euros mensuais). Está en xogo o noso sistema de saúde público universal, accesible e equitativo.”

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que a asociación SOS Sanidade Pública leva denunciando o problema da sanidade pública galega desde fai tempo, especificando que o propio membro do Comité Clínico Galego, Vázquez Lima, xa dixo que a sanidade está ó límite polos recortes, cun sistema occidental pero con medios dos países do leste. Existe un abandono da atención primaria -segue a dicir o señor Xoán A. Louzao- na pediatría, etc., e todo isto deriva en conflitos na propia sanidade como a dimisión dos xerentes de atención primaria, folga do CHUS, etc.

Así mesmo -segue a dicir o señor Xoán A. Louzao-, existe unha opacidade e descoñecemento, como por exemplo o Conselleiro de Medio Ambiente que non sabe o que é un rastreador, estamos ante un problema moi serio, unha politización do tema, opacidade, desorganización; existe un problema sanitario co COVID-19, e o demais queda fóra, como por exemplo un 20 por cento menos de diagnóstico de cancer, non hai medios para atender toda esta poboación, polo que é preciso incrementar o orzamento sanitario para evitar a parálise do servizo de hospitalización, demandar instrumentos de participación social, proporcionar información real, incremento de persoal, e poñer fin ás restricións de acceso ós centros de saúde entre outras cuestións.

No orzamento de 2021 a dotación para atención sanitaria é do 11 por cento, cando no exercicio anterior foi de 14 por cento, ou sexa menos dotación que antes, especificando que este é o argumento que se trae a votación, e aínda que pode parecer xenérico, todos somos usuarios da saúde.

Polo concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase o voto a favor do seu grupo á proposta.

Polo señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, maniféstase o voto a favor do seu grupo.

O señor Alcalde manifesta que a proposta é demasiado xenérica e que hai que ter coidado porque pode ser perigoso tratar sobre este asunto.

O señor Xoán A. Louzao manifesta que ninguén lle está pedindo que diga nomes.

O señor alcalde manifesta que lle parece xenérica e das que fai o partido.

Vistos os antecedentes O Pleno, por unanimidade acorda:

1.- Solicitar a Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario para que garanta que os fondos estatais se destinen á sanidade pública en Galicia.

2.- Esixir que se poña fin as restricións de acceso aos Centros de Saúde, que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da poboación. A atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación.

3.-Incrementar o persoal dos equipos de Atención Primaria, garantíndolles unhas

condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas.

4.- Acabar coa parálise dos servizos hospitalarios, para o que propoñemos crear circuitos separados para persoas con Covid e con outras patoloxías e abrir os centros pola tarde para acabar o máis pronto posible coa enorme lista de espera xerada durante a pandemia.

5.- Dar participación aos concellos e aos representantes da poboación na loita contra o COVID nas áreas sanitarias.

6.- Desenvolver os instrumentos de participación social na sanidade, poñendo en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.

7.- Proporcionar información real e actualizada, das persoas afectadas en cada localidade, para que os Concellos e a poboación coñezan a transcendencia da pandemia e colaboren activa e responsablemente na súa solución.

8.b).- Apoio ó comercio de proximidade e fomento da compra de produtos galegos:

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, dáse conta da moción sobre apoio ó comercio de proximidade e fomento da compra de produtos galegos, que textualmente di:

“O Concello de Touro ten a oportunidade de desenvolver unha campaña específica de promoción de produtos galegos no pequeno comercio como un xeito de defender os nosos sectores produtivos, de transformación e de distribución, que loitan fronte aos xigantes do comercio electrónico e grande escala internacional.

As compras de Nadal constitúen unha boa oportunidade para darlle forma práctica e didáctica á defensa da nosa artesanía, música, libros, xoguetes e unha cantidade de produtos que se crean directamente no noso país e, polo tanto, redunda na nosa economía.

Apostando por prestixiar os nosos produtos primarios e por facilitar a súa comercialización e a súa venda directa, as persoas produtoras obteñen o máximo beneficio. Así mesmo, apoiando a transformación e comercialización dos produtos agrogandeiros, convertemos a este sector en xerador de emprego e dinamización económica tanto do concello como no País, que tanta falta fai nestes momentos de crise e pandemia.

Temos comercio e produtos de primeira. Reivindiquemos a artesanía, a música, os libros, os xoguetes non sexistas, feitos na Galiza e reinvistamos na economía local.

As festas do Nadal, e o que iso implica dende o punto de vista do consumo (aínda tendo en conta as restricións provocadas pola pandemia), pode e debe ter o seu efecto positivo na economía local e galega.

Apoiar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza para Galiza, de impedir a desertización das nosas Vilas e aldeas. Está na nosa man modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega, de extraordinaria calidade.

Promover a compra de produtos dun xeito máis directo entre produtor/a e consumidor/a, especialmente os provinte das actividades agrogandeiras tan importantes no concello de Touro, é unha medida que beneficiará especialmente á base produtiva do noso concello.

Con esta campaña de sensibilización de consumo quérese contribuír a frear o peche de tendas e a destrución de postos de traballo por mor da crise económica e da pandemia da covid-19, destacando a potencialidade e a calidade dos produtos galegos, en especial dos produtos agrogandeiros, como motor para a dinamización dun pequeno comercio local que aposta pola calidade, innovación e especialización.

De feito, esta campaña debe servir para facer actividades que axuden a reactivar as compras tanto en establecementos, como na venda directa produtor/a-consumidor/a como medidas de apoio ao pequeno comercio e para dinamizar a economía do noso municipio.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

- O Concello de Touro desenvolverá unha campaña con distintas actividades para apoiar e incentivar o consumo no comercio de proximidade e fomentar a compra de produtos galegos, aproveitando para o inicio desta campaña a tempada de agasallos de Nadal.”

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao maniféstase que xa se ten traído unha moción no mesmo sentido, e a parte da medida do vídeo non se fixo nada. Trátase xa de ter un plan, campañas específicas e asesoramento, facer feiras específicas, etc., animando ó Alcalde a que copie doutros concellos como Tomiño ou as Neves, en definitiva a moción trata de apoiar a promoción de produtos galegos.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase o voto do seu grupo a favor da moción.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, maniféstase o voto do seu grupo a favor da moción.

O señor Alcalde manifesta que xa se está facendo, e que podería faltar o tema on-line, que se está a facer como por exemplo a feira da castaña ou do pan.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que non existe ningunha promoción de produtos de Touro, non hai unha plataforma, un punto de abastecemento, etc., non hai nada diso.

O señor Alcalde manifesta que hai que promocionar a feira que existe fomentando a venda de produtos.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que hai que facer unha plataforma, hai que intentalo, primeiro cos produtos de Touro.

Sometida a votación a moción do grupo do BNG sobre apoio ó comercio de proximidade e fomento da compra de produtos galegos, o Pleno, por cinco votos a favor (tres de Marea Veciñal de Touro, un do BNG e un do PSG-PSOE) e seis votos en contra (grupo PP), rexeita a mencionada moción.

8.c).- Apertura do paso por coroación da presa Nº 2 do encoro de Touro:

Polo señor concelleiro D. Xoán A. Louzao, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, dáse conta da moción relativa a apertura do paso por coroación da presa Nº 2 do encoro de Touro, manifestando que neste asunto ha que ter en conta a necesidade de utilizar a coroación da presa como paso entre os concellos, asunto que dende 2004 ten pasado ó soño do xustos cando houbo un compromiso para dar os pasos precisos para abrir o paso e tamén polo compromiso de 2019, polo que se ven a solicitar o cumprimento do acordo de 2004.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro, en representación do grupo Marea Veciñal de Touro, maniféstase que este asunto chega aquí desde o ano 2004 e despois de 16 anos estamos na mesma situación que tiñamos, debendo de explicarse o incumprimento absoluto de aquel convenio polo que se ían a recibir 132.000 euros, e a realización de obras coma unha área recreativa na marxe do río Ulla, un albergue e acometer melloras no Salto Nº 2, preguntándose onde están esas melloras, non sabendo que se ten feito, agora vanse pagar uns cartos soamente para botarlle unha zorra. Así mesmo -segue a dicir o señor Roberto Castro- ó abeiro do convenio ían recibir como aportación económica para mantemento unha contía económica igual ó importe que a empresa pagara polo IAE no Concello de Vila de Cruces. O Concello non está recibindo nada, o que implica que o Alcalde está a favorecer á empresa.

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo PSG-PSOE, maniféstase que o seu grupo apoiará a moción.

O señor Alcalde manifesta que as obras do convenio cambiáronse por outras.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregúntalle ó señor Alcalde onde ía ese diñeiro.

O señor Alcalde manifesta que se fixo un cambio do proxecto, que o Concello ía apoiar sempre a pista que falta por facer e sempre vai apoiar a apertura, sempre que a autoricen e saber quen se fai cargo dela.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que é preciso ser parte activa na solución do asunto, sendo preciso pedir as autorizacións a Augas de Galicia, especificando que na reunión que houbo non existiu impedimento pola empresa.

O señor Alcalde manifesta que parecía que non había problema pero teñen que facer responsables.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que é preciso facer algo por iniciativa propia.

O señor Alcalde manifesta que quen ten que solicitar o permiso é o Concello de Vila de Cruces e apoiara o Concello de Touro, e que está de acordo coa proposta.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que o Concello de Touro cobra 10.000 euros que paga Fenosa, pero que o que se paga non cubre o importe do IAE tal e como di o convenio.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o convenio foi modificado sendo o deber do Concello telo no portal de transparencia e o que se lles enviou non aparece modificado.

O señor Alcalde manifesta que si se ten modificado.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o seu grupo non lle consta esa modificación porque non se lles entregou.

Debatido o asunto e vistos os antecedentes, nos que se especifica que:

“O 9 de agosto de 2004 o actual alcalde asinou, en representación do concello, un acordo entre o concello de Touro e as dúas empresas (Unión Fenosa e Patrimonio Hidroeléctrico de Galicia) promotoras da construción dos encoros de Brandariz (salto nP1) e de Touro (salto m) no río Ulla.

En virtude dese acordo o concello comprometéase a colaborar para a tramitación das licencias necesarias e para a pronta iniciación das obras de construción deses dous encoros. A cambio, estas empresas financiarían unha serie de Obras no entorno e, ademais, ante o interese do concello en que a coroación da presa se utilizara como paso de vehículos, tamén colaborarían cos concellos na tramitación dos permisos necesarios para autorizar este paso.

Transcorridos 15 anos dende o acordo sen que se pódase circular pola presa ao estar pechada en ambas marxes, en xullo do 2019 un grupo de veciños/as promoven unha reunión con veciños/as das parroquias máis afectadas de ambos concellos e coa asistencia dos alcaldes de Touro e Vila de Cruces, para comunicar que por parte da empresa propietaria se ten manifestado que non existe ningún impedimento pola súa parte para abrir o paso da presa n.º 2 e se poida circular pola mesma.

Nesa reunión, os alcaldes dos dous concellos comprométese publicamente a realizar as accións oportunas ante a empresa e ante Augas de Galicia para que se faga efectivo dito acordo e quede libre o paso entre as dúas marxes do río Ulla e os dous concellos.

Transcorrido ano e medio dese compromiso a situación a día de hoxe segue a ser a mesma, estando pechado o paso na presa tanto para a circulación de vehículos como de persoas e non tendo constancia de que por parte do concello de Touro se realizara ningunha acción neste tema para deixalo resolto definitivamente.”

O Pleno, por unanimidade, acorda que o goberno municipal, en colaboración co concello de Vila de Cruces, realizará de xeito inmediato todas as accións ás que se comprometeu, tanto no acordo escrito de agosto de 2004 como no compromiso verbal de xullo de 2019, para que sen máis demora se poida abrir o paso por coroación da presa nº 2 (encoro de Touro) e se permita a circulación pola mesma.

IX.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE:

9.a).- Sobre eliminación da violencia contra a muller:

Pola señora concelleira D^a Gemma V. López, en representación do grupo do PSG-PSOE, dáse conta da moción do seu grupo con motivo do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

Así mesmo, pola señora concelleira D^a Gemma V. López maniféstase a súa queixa e pregunta sobre onde se investiron os 1.300 euros correspondentes á campaña de sensibilización contra a violencia de xénero, e denuncia que non se fixo ningunha actividade contra a violencia de xénero, salvo o comic dos bolechas, especificando que parece que se fixo unha actividade no Concello de Boqueixón, un vídeo sen que se fixera difusión algunha, especificando que ninguén se está a enterar destas actividades, porque no houbo difusión algunha, porque é necesario sensibilizar sobre o problema.

Pola señor concelleira D^a María Josefa _Codesido maniféstase que se non se informa, a señora Gemma V. López ten o mesmo dereito de informar que ela.

A señora concelleira D^a Gemma V. López manifesta que non se pode negar o evidente.

A señora concelleira D^a María Josefa Codesido manifesta que a trapallada dos bolechas ou a carallada de Boqueixón non se pode traer a colación, que hai moita demagogia neste tema.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o seu grupo está a favor da moción e que falando de demagogia, a que está a manifestar a concelleira coas súas manifestacións sobre as actividades contra a violencia de xénero.

A señor concelleira D^a María Josefa Codesido manifesta pedir perdón polas manifestacións que acaba de realizar.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que se deixa de actuar en contra da lei, posto que se leva media ducia de anos cun plan de igualdade caducado, incapaces de facer unha reunión de seguimento, fai un ano que contratan un plan de igualdade, e non sabe que teñan unha empresa contratada para o novo plan de igualdade, e que teñen que aprobar o novo plan de igualdade, e que teñen o 90 por cento do plan caducado incumplido, iso son datos, porque este asunto vai sobre igualdade, manifestando que o seu grupo está de acordo coa moción.

O señor Xoán A. Louzao, en representación do grupo do BNG, manifesta que está de acordo coa moción.

O señor Alcalde manifesta que a proposta é demasiado partidista.

Debatida a moción na que se expón que:

Cada 25 de novembro, o PSdeG-PSOE súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Neste 2020 cúmprense 20 anos da designación desta data por Nacións Unidas. E como cada un deles quere mostrar o seu apoio a tódalas vítimas: ás mulleres asasinadas, aos seus fillos e fillas orfos; ás súas nais, pais, irmáns, irmás, amigos. Compartimos a súa dor, a súa desolación e combatemos a súa causa.

Dende 2003 foron asasinadas 1.071 mulleres e dende 2013, 297 nenas e nenos quedaron orfos. En 2020 foron asasinadas 38 mulleres, das cales 2 eran galegas, e 19 nenos e nenas quedaron orfos.

Este mes de outubro coñecemos os datos da " Macroenquisa de violencia contra a muller" encargada na pasada lexislatura socialista. Os datos son estremecedores:

- 34,2% das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex-parellas.
- 47,2% non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda.
- 40,4% das mulleres sufriu acoso sexual ao longo da súa vida.
- Dese 40,4%, o 60,5% das mulleres tiñan entre 16 e 24 anos. As cifras aumentan entre as mulleres novas.
- De cada 10 mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos ou fillas afirman que estes sufriron tamén violencia por parte das súas parellas.

Tal como expresa a ONU, "a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica". Este anoa ademais, a situación viuse agravada pola pandemia mundial que nos arrasa. E que, se afecta as mulleres con máis intensidade e de forma concreta pola desigualdade estrutural na que se atopan, é especialmente terrible para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

A Directora Executiva de ONU Mulleres, PhumzileMlambo- Ngcuka, alertaba sobre o impacto da Covid-19 nas mulleres, e especialmente nas vítimas de violencia abocadas a confinarse co seu agresor: "O confinamento aviva a tensión e a tensión xerada por preocupacións relacionadas coa seguridade, a saúde e o diñeiro. Así mesmo, reforza o illamento das mulleres que teñen compañeiros violentos, separándoas das persoas e os recursos que mellor poden axudalas. É a situación perfecta para exercer un comportamento controlador e violento no fogar".

No noso país, as chamadas ao 016 incrementáronse exponencialmente en todo o territorio durante o confinamento. O PSdeG puxo no centro da resposta a prevención e a aplicación das medidas necesarias para loitar contra a violencia de xénero nestas circunstancias, e consideráronse servizos esenciais nos plans de resposta que o Goberno de coalición puxo en marcha. O Goberno aprobou o pasado 31 de marzo o Real Decreto de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, ás vítimas de explotación sexual, trata ou agresións sexuais, nestes momentos tan excepcionais.

A violencia contra as mulleres é especialmente dura nas zonas rurais. O illamento que sofren as vítimas de violencia de xénero no ámbito da parella ou ex-parella é tripla: pola escasa participación dos espazos públicos e a relegación ao ámbito privado, por restar illadas xeograficamente e por identificar a súa propia situación como un proceso individual, e non como o problema estrutural que é, consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes. Así o indica o estudo sobre "Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural" realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), entre decembro de 2018 e xaneiro de 2020, en cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que este ano cumpre o seu terceiro aniversario.

Tamén no marco do Pacto, o pasado ano publicouse o estudo sobre "Mulleres maiores de 65 anos vítimas de violencia de xénero", que pon de manifesto unha realidade que permanece a miúdo invisible. E que revela unha violencia sostida no tempo con datos estremecedores: O 40% das vítimas sufriu violencia durante máis de corenta anos e o 27% padeceuna, entre dous e tres décadas. Toda unha vida de vexacións, agresións, control e medo. Un colectivo especialmente vulnerable que require toda a nosa atención, apoio e sustento.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, longamente demandando polo movemento feminista, e impulsado polo PSdeG supuxo un antes e un despois na abordaxe institucional da violencia de xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, foi o cambio de paradigma que fixo posible no noso país que os poderes públicos recoñecesen un tipo concreto e específico de violencia, que é a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres. Así mesmo, continuando pola senda marcada, o Pacto de Estado é a mostra do consenso de todos os grupos parlamentarios, e por tanto, de toda a sociedade española representada a través deles, para acabar con esta violencia.

O PSdeG sempre loitou para que ningún interese partidista estivese por encima do recoñecemento do drama que supón esta violencia. Drama humano polas familias esnaquizadas, polo medo cotián que padecen tantas mulleres, pola incompreensión e ás veces ata pola indiferenza.

Na lexislatura anterior, unha das primeiras medidas do goberno socialista de Pedro Sánchez, foi dar cumprimento ao desenvolvemento do Pacto de Estado, que levaba un ano paralizado. En poucas semanas, puxéronse ao dispor de todos os territorios e entidades locais os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Coa Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, realizáronse os cambios lexislativos máis apremiantes para ampliar a protección e o amparo das vítimas e as súas fillas e fillos. E fíxoo con acordo, disposición, responsabilidade e firmeza.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaón. A violencia machista interpélanos a todos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

No ámbito das nosas competencias desenrolamos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e as súas fillas e fillos.

Vistos os antecedentes, Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Ratificar o compromiso firme do Concello coa igualdade de xénero, os dereitos das mulleres e a erradicación de calquera tipo de violencia contra as mulleres.

2. Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Integral contra a Violencia de Xénero do 28 de Decembro de 2004 e no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.

3. Dotar dos recursos económicos adecuados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.

4. Promover accións de prevención, sensibilización, difusión, acerca da Violencia de Xénero en mulleres maiores de 65 anos destinadas a mellorar o coñecemento dos seus dereitos e dos servizos dispoñibles para atendelas.

5. Reforzar as medidas dirixidas atención ás mulleres que viven no mundo rural, aumentando o número de recursos especializados de atención de forma coherente coa realidade rural e a distribución xeográfica. Adaptación das campañas de prevención e sensibilización ás súas necesidades.

6. Impulsar a colaboración coas entidades e asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista.

7. Intensificar e adaptar todos os recursos dos que dispón o concello relacionados con atención a vítimas de violencia machista durante a pandemia.

8. Combater os posicionamentos políticos que propugnen a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

9. Rexeitar todas as formas de violencia contra as mulleres e manifestar o noso compromiso coas vítimas.

9.b).- Moción para adaptar o Centro de Saúde de Touro ás novas esixencias da pandemia:

Pola señor concelleira D^a Gemma V. López dáse conta da moción do grupo do PSG-PSOE que textualmente di:

“No último Pleno ordinario, o grupo Socialista de Touro xa demos conta da problemática que se ía presentar no Centro de Saúde do noso Concello cando comezara o período de vacinacións, debido ás deficiencias de espazo do mesmo. O Centro de Saúde carece das dimensións axeitadas para o cumprimento das distancias de separación esixidas por causa da crise do Covid-19.

Na mañá do día 6 de outubro, a Garda Civil tivo que intervir para atender a unha denuncia baseada no feito do excesivo número de pacientes que acudiron a pedir cita, agolpándose na entrada do Centro de Saúde. Esta pandemia non fixo máis que sacar á luz que este centro carece da adaptación necesaria das súas instalacións á situación actual, comezando pola existencia de unha única porta de acceso.

Na mañá do pasado 6 de outubro concentrouse no centro gran cantidade de veciñas e veciños, que tiveron que acudir de xeito presencial porque dende hai varias semanas, tal e como temos criticado "a priori" desta situación, resulta imposible a conexión telefónica co centro; así non queda outra alternativa que presentarse na "propia ventanilla".

Non cabe dúbida que esta situación é a punta do iceberg dun longo historial de abandono do noso Centro de Saúde; e novamente a crise do Covid-19 destapou a falta de previsión da Consellería de Sanidade, que debería ter xa xestada a organización, atención e distribución dos doentes, nesta difícil campaña de vacinación.

En función de que a campaña da vacina contra a gripe comeza o día 13 de outubro, e ante a desconfianza evidente de que altercados como a desa mañá se volvan a repetir, instamos a aprobación polo Pleno desta Corporación das seguintes propostas:

1.-Habilitar a instalación dunha carpa ou sistema alternativo que protexa aos pacientes que acoden ao Centro de Saúde, das posibles inclemencias meteorolóxicas

2.- Instar á Consellería de Sanidade, por parte do Señor Alcalde, a que se habilite a Casa de Cultura cun persoal de enfermaría, independentemente do Centro de Saúde, para levar a cabo a campaña de vacinación, pois alí si habería distancias de seguridades.

3.- Incrementar o persoal que atende as liñas telefónicas que dende o centro xestionan a petición de citas, a renovación de receitas, etc.“

Pola señor concelleira D^a Gemma V. López maniféstase que tendo en conta as medidas xa adoptadas na materia retírase a moción.

X.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo señor Alcalde dáse resposta ás preguntas realizadas por escrito polo grupo Marea Veciñal de Touro:

En relación coa pregunta 1: En datas recentes executouse unha obra de nova planta (galpón arrimado á vivenda) dunha superficie posiblemente superior a 50 m², emprazada na finca referencia catastral 15086B513006500001WU, na Goleta-Loxo, presumiblemente a vivenda da concelleira Adela Iglesias. Canto pagou ao Concello en concepto de ICIO (Imposto sobre construcións, instalacións e obras)?

O señor Alcalde responde que 180 euros.

En relación coa pregunta 2: Aproximadamente no ano 2015, o Concello de Touro recibiu unha subvención de aproximadamente 30.000 euros procedentes de Fondos Europeos a través do GDR-Ulla-Tambre-Mandeo (Agader) para creación/equipamento do Centro de interpretación Río Ulla. Entre outros, o equipamento compoñíase de tecnoloxías “TIC”, equipos informáticos, proxecto, equipos de audio, etc. Actualmente onde está ese equipamento e que uso ten?

O señor Alcalde contesta que os portátiles están na aula de informática, a televisión segue a estar no lugar onde se puxo inicialmente e o proxector está no Concello.

Ás preguntas presentadas por escrito polo grupo do BNG, o señor Alcalde responde:

Á pregunta 1: Ten constancia documental o concello de que esta liña fose autorizada e declarada de utilidade pública pola Xefatura Territorial da Consellería de industria ou outro órgano competente?

O señor Alcalde contesta que si.

Á pregunta 2: Solicitoulle a empresa promotora ao concello autorización municipal correspondente para esta obra? Caso afirmativo, dou o concello a preceptiva licenza?

O señor Alcalde contesta que si.

Á pregunta 3: Ten constancia o concello das actuacións da empresa nas fincas particulares dos veciños/as?

O señor Alcalde contesta que si, polos veciños.

Á pregunta 4: Cal vai ser a actuación do concello nese caso?

O señor Alcalde contesta que non sabe do que se trata.

Á pregunta 5: Coñece o concello se existe algunha relación entre a construción desta liña e o fallido proxecto de reapertura da explotación mineira?

O señor Alcalde contesta que non ten nin idea e non sabe nada.

Polo señor concelleiro D. Roberto Castro faise un rogo en relación coa recollida de residuos, porque hai moitas parroquias que non teñen ningún contedor onde levar o papel-cartón, polo que sería preciso dotar a todas as parroquias nos núcleos de poboación de contedores.

Así mesmo, o señor Roberto Castro fai un rogo, especificando que na única parada de Cornado non hai marquesiña, solicitando se dote de marquesiña.

O señor Roberto Castro fai tamén o rogo relativo ás obras de aglomerado que se están a facer ultimamente, que deixan unhas cunetas increíbles que poden ocasionar problemas cos coches posto que esas cunetas non teñen sentido.

O señor concelleiro D. Roberto Castro fai un rogo sobre o desprazamento de contedores na Igrexa de Foxás para que non ocupen parte da vía principal.

Igualmente fai un rogo sobre a necesidade de que o paso de cebra está desdibuxado debendo solicitarse da Xunta que o marque ben.

O señor Alcalde manifesta que se ten solicitado lombos burros para ese sitio.

O señor Roberto Castro manifesta igualmente que na rúa Curros Enríquez tense pintado unha frecha de dirección, pero carece de sinalización vertical, polo que segue habendo condutores que circulan por alí.

O señor Roberto Castro pregunta sobre se en toda a extensión do Concello hai un parque infantil coas mínimas condicións de uso para nenos de cero a catro anos, que teñan unha tipoloxía propia e condicións para esas idades.

O señor Alcalde contesta que no Colexio, campo de festas ou xunto as piscinas.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que os que ten mencionado son de 4 a 12 anos, e que se trata de dotar de servizos para a veciñanza, especificando que non entende como aproban un proxecto para nenos de 4 a 12 anos soamente.

O señor Alcalde manifesta que cada xogo é para o que diga o proxecto.

O señor Alcalde manifesta que so lle responderá ó señor Roberto Castro ás preguntas por escrito.

O señor concelleiro D. Roberto Castro pregunta sobre a aprobación dunha proposta no mes de xuño no que se lle pedía á Xunta a reparación das augas de saída do patio cuberto preguntando como está a cuestión.

O señor Alcalde non contesta.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o señor Alcalde ten referido que o mal funcionamento da depuradora da Santaia era puntual, preguntándolle se sabe que o Concello ten aprobado un regulamento de vertidos e se se aplicou ese regulamento.

O señor Alcalde non contesta.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que se ten publicado na revista do Alcalde que se ten producido un gasto polo saneamento da mina, preguntando se o Concello aplicou o regulamento de vertidos nese caso.

O señor Alcalde non contesta.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que o Concello debería ter aprobado o orzamento, prorrogándose de forma automática o anterior noutro caso, o prazo era o 15 de outubro, solicitando explicación ó respecto.

O señor Alcalde non contesta.

O señor concelleiro D. Roberto Castro manifesta que na Xunta de Goberno do 25 de setembro preséntanse orzamentos para unha actuación do Concello polas empresas Sociedade Cooperativa Galega de Educación Medio Ambiental de Culleredo, Xardinería Arce SL de Sada e a empresa Coregal Parques e Xardíns SL, que seguramente terá unha boa explicación porque hai traballadores na contorna, pero paralelamente chaman a outras empresas que non son da contorna, preguntando que relación teñen con elas para chamalas a este procedemento.

O señor Alcalde non contesta.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que en relación cos casos e falsos COVID en Touro, ó señor Alcalde nada lle impide que revele datos dos mesmos e sobre a súa saúde, especificando que soamente se trata de saber cantos casos hai en Touro, posto que sería unha medida preventiva para evitar novos contaxios, pedíndolle ó señor Alcalde que revele o número exacto de casos.

O señor Alcalde manifesta que non contesta a máis preguntas e que non vai a contestar a ese dato, especificando que debe chamar á Consellería.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que chegou o calendario deste ano e a primeira foto ten unha relación familiar co señor Alcalde: Ana M^a Turnes.

O señor alcalde manifesta que se ten algún problema co asunto.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que quere saber cal é o criterio para escoller esa foto: ou o protagonismo ou cuestións temáticas ou de calidade do brillo da imaxe por exemplo.

O señor concelleiro D. Darío Rey manifesta que as empresas deben estar sometidas á normativa que regula a conservación de vías, posto que, por exemplo, estase a ver que a carretera que vai á Carballa (Cornado) está intransitable, debendo o Concello de requirirlle a empresa para que repoña a mesma ó seu estado inicial, e que non sexa o Concello quen teña que pagar os desperfectos de empresas privadas.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta que vai facer o Concello para solventar estas problemáticas que xurden coas pistas.

O señor Alcalde responde que denuncie na Garda Civil.

O señor Xoán A. Louzao pregunta sobre se se fixo o estudo sobre narices olfativas e se sabe os resultados.

O señor Alcalde contesta que non sabe os resultados.

O señor Xoán A. Louzao pregunta sobre o modelo de denuncia que se ía colgar na páxina web do Concello sobre malos olores.

O señor alcalde contesta que non se puxo.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao pregunta sobre cantas solicitudes houbo nas subvencións do PEL-REACTIVA.

Polo señor Secretario maniféstase que máis de 20, sobre 24.

O señor Xoán A. Louzao pregunta sobre a reparación do palco de Novefontes.

O señor alcalde contesta que non ten moito sentido facelo.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao fai o rogo de que se revise a actuación sobre realidade aumentada, porque lle parece que falta a ruta da Ponte Basebe, debendo revisarse se falta.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao igualmente fai o rogo de que se ilumine unha zona que está entre o Concello, o Colexio e o tanatorio, porque está moi mal iluminada e pola noite non se ve nada.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao fai o rogo de mellorar os acceso da escola infantil ó pavillón dentro do Centro Escolar.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que se xerou un problema en Calvos coa ampliación a 20 metros do núcleo por aplicación da Lei de incendios, especificando que había que falar cos veciños, polo que fai o rogo de que se faga unha reunión cos veciños.

O señor Alcalde contesta que houbo unha denuncia.

O señor concelleiro D. Xoán A. Louzao manifesta que se trata dun problema entre veciños e que se pode agrandar ese problemas; chegoulles unha notificación para xestionar a masa forestal en 15 días, despois de 20 meses, preguntando se teñen previsto facer a xuntanza especificando que debe aplicarse ben posto que houbo casos que non se requiriron e a outros si, debendo de volver a medir para aclarar a situación.

O señor Alcalde contesta que hai unha denuncia, que pode haber máis tempo que os 15 días para cumprir co requirimento e que non haberá reunión.

A señora concelleira D^a Gemma V. López pregunta sobre a anulación de recibos de lixo do ano 2020.

Polo señor Secretario maniféstase que se trata de baixas de recibos.

A señora D^a Gemma V. López pregunta sobre a situación da titularidade do local parroquial da Igrexa de Touro.

O señor Alcalde contesta que é da Igrexa.

A señora concelleira D^a Gemma V. López fai o rogo de que cando sae elaboren os orzamentos se teña en conta a reparación e posta en marcha do ximnasio que segue igual que fai anos. Deben de telo en conta, rogando que se repare porque a xente vai fóra, sendo unha forma de que a xente se quede.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo señor Alcalde declarouse finalizada a sesión sendo as dezasete horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, levantándose a presente acta autorizada coa firma do señor Alcalde e de min, o Secretario, que dou fe.